

**1** Le e debuxa unha buguina.

Érase unha vez un neno chamado Mateo que vivía nunha vila de casas brancas e tellados vermellos.

Un día na praia atopou unha buguina e levouna para a casa.

Pola noite, antes de se deitar, achegouna ao oído para ver se era certo que se podía escoitar o mar. E resultou que esta buguina, non só deixaba oír o murmurio das ondas, senón que tamén contaba contos.

Que buguina tan extraordinaria!

E velaquí que este conto que acabas de ler foi o primeiro que a buguina lle contou a Mateo.

**2** Contesta.

Como se chamaba o neno? \_\_\_\_\_

Onde vivía?

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Que atopou na praia?

\_\_\_\_\_

Que escoitaba cando achegaba o oído?

\_\_\_\_\_